SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á COFRADÍA DE PESCADORES SAN TELMO DE PORTO DO SON, FINANCIADA POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP), PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO:

"CONSERVACIÓN E PROTECCIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS NO ÁMBITO TERRITORIAL DA COFRADÍA DE PESCADORES DE PORTO DO SON (2020)"

Estas axudas foron convocadas pola Consellería do Mar a través da Orde do 23 de abril de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental (DOG Nº 92, 13.05.2020).

A Cofradía de Pescadores San Telmo de Porto do Son solicitou esta axuda para a realización do Proxecto citado con anterioridade e o cal ten como obxectivos os seguintes:

Obxectivo principal

Protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, contribuíndo de xeito sustentable a mellorar a xestión e conservación dos recursos, para garantir una explotación responsable, equilibrada e sostible, que permita una viabilidade duradeira do sector pesqueiro e marisqueiro, así como a mellora das condicións de vida e traballo dos socios da Confraría que se dedican a esta actividade e que contribúan á conservación do medio mariño e as súas especies.

Obxectivos específicos

- Contratación de dous Gardapescas Marítimos para a vixilancia e control do acceso aos recursos mariños. Así mesmo, coa finalidade de mellorar a coordinación e as condicións de seguridade dos efectivos de vixilancia, realizouse a adquisición de dous equipos de xeolocalización.
- Contratación dunha Asistencia Técnica para a xestión, seguimento e control dos recursos mariños.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral
de Desenvolvemento Pesqueiro

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)

PROXECTO: CONSERVACIÓN E PROTECCIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS NO ÁMBITO DA COFRADÍA DE PESCADORES "SAN TELMO" DE PORTO DO SON (EXPEDIENTE PE209C - 2020F – 009)

ENTIDADE BENEFICIARIA: COFRADÍA DE PESCADORES "SAN TELMO" DE PORTO DO SON

IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA: 52.416,00 euros

PROGRAMA OPERATIVO FEMP 2014-2020

Proxecto cofinanciado polo FEMP nun 75%